Número de plantas: Bajo + una planta y bajo cubierta. Se permitirán sótanos, que podrán ocupar todo el subsuelo de la parcela.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: La cumbre se situará a 4,00 metros desde el último forjado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 metros. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos añadidos al cuerpo principal de la construcción tales como galerías o miradores, no pudiendo cerrarse con elementos opacos en más del 50% de su superficie.

La dimensión de los vuelos serán las definidas en las condiciones generales de edificación y a una altura de 3,5 metros.





Balcones: En los cuerpos volados no se autorizan a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 60 cm.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, será obligatoriamente de planta baja y una altura máxima de 3 metros, no superando en ningún caso los 30 m. de superficie. Siempre que superen los 15 m, no podrán autorizarse, sin existencia de edificación principal.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0'40 metros.

Cubiertas, materiales: Las cubiertas se resolverán prioritariamente a dos aguas utilizando en cualquier caso como material de cobertura teja cerámica. Estarán compuestas de faldones rectos del alero al cumio, prohibiéndose la construcción de mansardas.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

Los edificios quedarán integrados en la unidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y de huecos de piedra, los balcones y galerías de madera y otros elementos comunes a la arquitectura popular.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se adoptarán soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas - huecos: Con respecto a la fachada las nuevas edificaciones mantendrán el ritmo y la forma de las actuales, colocando las carpinterías de huecos en el paño que sea tradicional.

CONDICIONES PARTICULARES

- La parcela está situada en suelo urbano ordenanza 6.1. Es de aplicación lo expuesto en apartados anteriores.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Luis Bernardo Maneiro Santiago**, de data 02/07/2019 (Rexistro xeral de entrada nº 9.567), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Faro, nº 13, Corrubedo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 03/07/2019 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Luis Bernardo Maneiro Santiago autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e con reforzo de pintado de marca vial amarela no bordillo da berarrúa, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Faro, nº 13, Corrubedo, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta conta á Xunta de Goberno Local do informe presentado pola **Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría**, de data 10/07/2019, que a continuación se transcribe:

“A concelleira de Educación, Juana Brión Santamaría, dá conta á Xunta de Goberno Local dunha acción educativa que se vai levar a cabo no mes de novembro de 2019.

Actividade: “Pum Pum” da compañía de teatro Baobab, coa colaboración da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

Data: 14 de novembro

Hora: 18.30 h

Lugar: Auditorio Municipal de Riveira (Praza dos Mariñeiros s/n. 15960 Riveira)

Dirixido a: público infantil e familiar

Esta representación teatral en Riveira está organizada pola ANPA do CEIP de Palmeira.





O Concello de Riveira colabora no bo desenvolvemento desta acción, dirixida ao público infantil e familiar para a promoción da igualdade entre nenos e nenos, poñendo ao dispor da ANPA de Palmeira o Auditorio Municipal e cantos medios sexan precisos para que a obra de teatro se realice correctamente (conserxería, persoal de sala...)."

2.- Vista a proposta do **Concelleiro de Turismo e Comercio**, Ramón José Doval Sampedro, de data 05/07/2019, no que solicita autorización para a celebración do evento denominado **"Tendas á Rúa"** o día 13/07/2019, organizada e solicitada pola Asociación de Empresarios de Riveira en colaboración co Concello de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) Autorizar a celebración do evento denominado **"Tendas á Rúa"**, o día 13/07/2019, na Praza do Concello (Riveira), en horario de 9:00 a 15:00 h.
- b) Autorizar o préstamo das haimas das que dispón o Concello (4 haimas de 3x3).
- c) Autorizar aparcadoiro para poder realizar a montaxe e desmontaxe así como a carga e descarga da mercancía.

APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (MOSTRA DE TEATRO DE RIVEIRA 2019).

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 05/07/2019, na que solicita a aprobación de prezo público para as entradas ás funcións da "Mostra de Teatro de Riveira 2019".

Visto o informe emitido ao respecto polo **Interventor Municipal**, Pablo Bao Castro, de data 10/07/2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1.- Autorizar a celebración da programación da "Mostra de Teatro de Riveira 2019"

2.- A aprobación do **prezo público** para as entradas ás funcións da "Mostra de Teatro de Riveira 2019":

- Prezo xeral por reserva de butaca para cada función: **4,00 €**
- Bono para as 11 representacións da mostra (A excepción da do GMT): **25,00 €**

3.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que





organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado

4.- Aprobar a normativa de adquisición das entradas como reserva de butaca, según o sinalado na citada proposta.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Persoal, Benestar Comunitario, Mercados e Consumo, Manuel Emilio Pérez Outeiral**, de data 10/07/2019, en relación á Resolución do 28 de maio de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2019. (DOG do 24/06/2019, núm. 118)

Vista a memoria xustificativa do obxecto do plan de emerxencia ante situacións de seca.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a redacción do “Plan de emerxencia ante situacións de seca”, sendo o orzamento total de 18.750 € (IVE engadido).

Segundo: aceptar as condicións e demais requisitos recollidos na citada resolución de convocatoria.

CONCESION DE SUBVENCIONES - CONVOCATORIA DE AXUDAS A través de INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO TAHUME V”.

Vista a proposta do Alcalde do Concello de Riveira, Manuel Ruiz Rivas, de data 09/07/2019, de concesión de subvencións a empresas ao abeiro da “Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume V”

Vista a “Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume V”, publicado o extracto da citada convocatoria no BOP da provincia da Coruña de data 25/04/2019.

Visto o informe da Técnico de desenvolvemento local do Concello de Riveira, de data 09/07/2019 no que se recollen as empresas que presentaron a súa solicitude para acollerse





aos citados incentivos e que foron presentadas en prazo hábil e cúmprense todos os requisitos e condicións esixidas na convocatoria para a concesión.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Conceder unha subvención as empresas que se inclúen na táboa que se recolle máis abaixo por importe de 1.500 euros a cada unha, para a contratación dun traballador a xornada completa por un período mínimo de tres meses.

CIF	EMPRESA	Nº CONTRATOS SOLICITADOS	SECTOR	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA
B70278585	Xestión e aconsellamento integral do Barbanza, S.L.	1	Forestal	1.500€
B70545793	Madercrea NG Stilo, S.L.	1	Carpintería	1.500€

Esta axuda financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 241J.47000 do orzamento do Concello de Riveira e a súa percepción está sometida ás seguintes condicións:

1ª.- As entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de 10 días para a súa **aceptación**, transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

2ª.- **A data límite para formalizar a contratación é o día 13 de agosto de 2019** (quinze días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego Tahume V) e a **data límite para remitir a este concello a documentación xustificativa** para o pagamento é **dun mes** a partir da data de finalización da contratación (si a contratación continua despois de tres meses, este prazo dun mes comezará a contar unha vez pasados os 3 meses dende que se iniciou a contratación).

3ª.- A documentación a remitir para o pagamento da subvención é a seguinte:

- Declaración de todas as axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso e declaración de que non se solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo anexo.
- Contratos de traballo formalizados e comunicados á oficina do SPEG xunto coas altas e baixas na Seguridade Social. Se o traballador segue prestando Servizos na empresa pasados os tres meses, enviarase certificado da empresa nese sentido.
- Declaración da empresa beneficiaria do incremento do emprego neto da empresa respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.
- Certificados da empresa beneficiaria de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e coa Administración pública da Comunidade Autónoma





RECURSO DE REPOSICIÓN ANTE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA, PORTOS DE GALICIA (RESOLUCIÓN DE 20 DE DECEMBRO DE 2019 CON NÚMERO DE REFERENCIA 12-48-18-C-1 POLA QUE SE OUTORGA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PRESENTADA POLA EMPRESA ALIMENTOS CRUZ DO SUR S.A PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS PORTUARIOS)",

VISTA a proposta sobre “recurso de reposición ante a Consellería do Mar da Xunta de Galicia, Portos de Galicia (*resolución de 20 de Decembro de 2019 con número de referencia 12-48-18-C-1 pola que se outorga concesión administrativa presentada pola empresa Alimentos Cruz do Sur S.A para a ocupación de terreos portuarios*)”, presentada polo Sr. Alcalde-presidente, e que é do seguinte tenor literal:

“Á CONSELLERÍA DO MAR DÁ XUNTA DE GALICIA PORTOS DE GALICIA.

Que con data 20 de Maio de 2019 publicouse no DOG nº 94 resolución de 20 de Decembro de 2019 con número de referencia 12-48-18-C-1 pola que se outorga concesión administrativa presentada pola empresa Alimentos Cruz do Sur S.A para a ocupación de terreos portuarios ante a que dentro do prazo legalmente establecido veño formular RECURSO DE REPOSICIÓN de acordo ao artigo 123 da lei 39/2015 de 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, todo iso en base ás seguintes

ALEGACIÓNS:

PRIMEIRA.- A empresa concesionaria, realiza unha descrición imprecisa da concesión de autorización de ocupación co obxecto de minusvalorar o impacto que tería a infraestrutura na zona portuaria de Ribeira, circunstancias que a administración á que temos o honor de dirixirnos non valorou correctamente á hora de dictar a resolución agora impugnada:

- 1.- Non se realizou de forma precisa unha análise real da ocupación da concesión cunha simulación exacta do volume de terreo sobre plano que se necesitará para o seu ubicación así como o impacto real que terá sobre a actividade portuaria diaria.
- 2.- No informe achegado ao presente escrito como documento número uno, realizado pola perito Doña Alicerce Tubío Piñeiro efectúase unha medición exacta sobre o terreo da ocupación da concesión solicitada a través das medidas expostas no proxecto básico da empresa Alimentos Cruz do Sur, de 68 x 22 metros, para un total de 1.496 m2 ocupados e o seu incidencia sobre a actividade portuaria de Ribeira, xa limitada polo seu escaso espazo actual.

SEGUNDA.- Coa configuración actual do peirao comercial dispense de dous atraques simultáneos.

No porto de Ribeira, dado o limitado do seu espazo, descárgaa do buque a camións, realízase de forma paralela ao peirao porque non existe espazo suficiente para a manobra máis eficiente de descarga perpendicular e iso obedece a que a explanada encostada ao peirao unicamente ten 11,50 metros de ancho e tras ela existe unha parcela delimitada con bordillo que dificulta aos camións o seu xiro.

É por iso que durante a manobra de descarga, a parcela marcada coa H de heliporto, está ocupada con pertrechos, camións á espera e demais utensilios necesarios para a desestiba. Si non fóra así, sería inviable a operación.

Os camións dispóñense paralelos ao peirao, quedando o espazo xusto para que se sitúen dous en paralelo sen impedir a saída do resto unha vez cargados.

Esta manobra é a única posible no porto de Ribeira, dadas as actuais limitacións físicas do peirao, razón pola que coa concesión da autorización de ocupación agora impugnada, pódese observar na figura 25 e 28 do informe, como se limitaría o espazo de descarga,



FIRMANTE - FECHA





tendo obrigatoriamente que invadir a maquinaria para almacenamiento dos contenedores ou reachstacker a área de descarga de tónidos, mercancías ou sal, ao ser inviable, por espazo e por uso, o vial posterior de acceso, polo que ambas operacións son incompatibles simultaneamente no peirao comercial de Ribeira.

Debemos ademais recordar que no porto de Ribeira, debido ao seu escaso ancho de peirao, uns 11 metros, xa se han de dispoñer os camiões e cintas de carga en paralelo, non podendo situar máis de dous posto que os puntais ou guindastres dos buques non alcanzarían ao terceiro, o que xa reduce descárgaa desde inicio.

A concesión derivaría nun cese da actividade de descarga de tónidos, mercancías e sal que se realiza, normalmente como desafogo á actividade portuaria da Pobra do Caramiñal, cando devandito porto atópase ao 100% da súa actividade que son 300 días ao ano e derívase do mesmo os buques que non poden ser descargados na localidade veciña.

Resulta contraproducente que as descargas de atuneros/ mercantes e sal do porto de Ribeira, apoio usual dun dos portos máis importantes a nivel mundial en descarga de tónidos, como é o da Pobra, véxanse comprometidas por esta concesión que pode ser situada noutra ubicación.

Habemos de indicar ademais o impacto antieconómico que a concesión terá na propia administración de Portos de Galicia por canto a empresas que operan no porto, que non teñen por que ver paralizada a súa operación de desestiba pola concesión dunha autorización de ocupación que de xeito evidente é innecesaria e incomprendible na súa configuración actual, cesarán a súa actividade obrigatoriamente no porto de Ribeira, o que se traducirá nun menor pago de taxas que as actualmente abonadas e que sen dúbida non compensará os 7.129,63 Euros máis outros 0,04 Euros por Tm manipulada previstos pola instalación autorizada, cifras que fácilmente pode comprobar a Administración competente, na que constan as taxas abonadas polas empresas que operan no porto.

A modo de exemplo habemos de indicar que as taxas abonadas por unha das empresas usuarias do porto nos anos 2016, 2017 e 2018 superaron con fartura as previstas para a concesión autorizada, iso sen contar as demais descargas que cesarán na súa actividade debido á inoperatividad da zona portuaria de Ribeira na que está previsto sitúese a concesión, que quedará exclusivamente para uso da empresa concesionaria. Habemos de remarcar, á vista da concesión da autorización de ocupación pretendida na súa ubicación actual, que a única solución é o CESE DE ACTIVIDADE NO PORTO DE RIBEIRA das demais empresas usuarias, que como a administración coñece, é usado como apoio ao porto de Ribeira cando o porto da Pobra atópase ao 100% da súa capacidade, situación repetida durante uns 300 días ao ano.

TERCEIRA.-No expediente administrativo para a concesión da autorización para a ocupación de terreos no porto de Ribeira non se previu en ningún punto un plan de prevención de riscos laborais:

Sería necesario ter en conta a área de manobra da maquinaria encargada do movemento de contenedores na concesión dado que ao existir cargas suspendidas, non se pode traballar baixo as mesmas, por obvios motivos de seguridade, circunstancia non prevista e que de xeito evidente terá unha gran influencia na operatividad do porto.

O devandito plan é obrigatorio e nin tan sequera fíxose unha mínima referencia.

É obriga da administración, con anterioridad á concesión, o valorar todos os prexuízos que se pode causar á operatividad do porto, e é claro que o plan de prevención de riscos laborais e o seu afectación á operacións poden ser previstas con anterioridad á concesión para ser así oportunamente valoradas á hora de dictar resolución.

Isto non ocorreu na tramitación do presente expediente administrativo.





A concesión da autorización sen ter unha mínima previsión da afectación desta actividade na operatividad do porto raia a temeridad por parte da administración concedente.

Esta circunstancia é unha irregularidade patente, que pode devir nunha eventual nulidad da autorización concedida ao non ser mínimamente prevista no proxecto básico de solicitude de concesión, nin tampouco valorada pola administración á hora de conceder a mesma, malia que o plan de riscos laborais para o movemento dos contenedores ten tal impacto na operatividade do porto que ha de ser valorada necesariamente con anterioridade á concesión.

CUARTA.- Doutra banda habemos de indicar que desde o proxecto básico desdeñouse o impacto visual que se daría nunha localidade na que o turismo é un dos seus principais ingresos. Ribeira cuenta con notables emprazamentos que se verían afectados por impacto o visual da concesión: os contenedores superarían con fartura a altura dos barcos atracados no porto e cando este atopácese libre, actuarían como un edificio de 4 plantas de altura e de 68 metros de longo que se vería non só desde toda a localidade de Ribeira, senón desde o outro lado de Ríaa, debido aos seus voluminosas dimensións e a súa nula adaptación á contorna.

A estes efectos habemos de indicar que o proxecto básico carece de sometimento de avaliación de impacto ambiental, que en contra do exposto pola Administración competente na súa contestación ás alegacións é obrigatoria:

1.- A lei 21/2013 de 9 de Decembro de avaliación ambiental indícanos na súa anexo terceiro, no seu punto 2 letra C 2º, de acordo ao artigo 47,2 da citada lei, que debido á ubicación dela concesión, unha zona costera, o proxecto debería haberse remitido ao órgano ambiental para que determinase si é necesario a realización dun informe de impacto ambiental e consiguiente impacto paisajístico, trámite que se obviar por completo.

2.- En todo caso e independentemente de que resulte necesario a realización dun informe de impacto ambiental non cabo dúbida que non se ha ter en conta o exposto na Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia: No seu artigo 11 indícanos que no proxecto debía haberse incluído un informe de impacto paisajístico posto que a Ría de Arousa e a Sierra do Barbanza é un área de especial interese paisajístico de acordo ao Decreto 119/2016 de 28 de Xullo, razóns polas que o órgano ambiental, en caso de recibir o proxecto debería ordenar a confección dun informe de impacto paisajístico unido ao informe de impacto ambiental, pero este trámite foi precluído pola administración competente.

É claro que no presente suposto non se ha ter en conta o impacto paisajístico que causará a instalación dos contenedores no peirao con respecto á localidade costera e os seus turísticos emprazamento como tampouco se deu traslado ao órgano ambiental para que determine a necesidade ou non de realizar un informe de impacto ambiental ao que ha de sumarse o de impacto paisajístico de acordo á mencionada Lei autonómica, circunstancias que por si soas xa producen a nulidad da concesión autorizada.

Tampouco consta que desde Portos de Galicia comunicouse ou coopere co Concello de Riveira neste tema, malia o previndo/previsto no artigo 6 e Ss da lei de impacto paisajístico ou 46 e Ss da lei de impacto ambiental, malia que o Concello de Riveira é directamente afectado por unha concesión que de xeito evidente atenta gravemente ao interese turístico da localidade.

QUINTA.-Non existe razón algunha para determinar a ubicación na que foi concedida: Habemos de ter en conta que os contenedores en ningún caso poderán ser apilados directamente tralo seu desestiba do barco, haberán de ser subidos a un transporte para ser trasladados de forma inmediata á báscula do porto para o seu pesaxe, situada fóra do peirao comercial do porto, para volver nuevamente ao porto para o seu apilamiento, polo





que non chegamos a comprender cal é a vantaxe para o mantemento dos produtos pesqueros refrigerados o que sexan almacenados no propio peirao comercial en detrimento de calquera outra ubicación alternativa cercana e que de xeito evidente sería máis beneficiosa para a operatividade do porto e sen dúbida non provocaría o profundo impacto ecolóxico visual que a instalación dos mesmos producirá.

SÉXTA.- Non parece moi fundamentada a concesión da autorización de ocupación de terreos no porto de Riveira cando o mesmo actualmente xa se atopa moi limitado dadas as súas actuais dimensións e a súa deficiente operatividade derivada das mesmas, que sen dúbida como indicamos, redundará nunha importante baixada de produtividade do porto con afectación directa non só aos ingresos de Portos de Galicia, senón en toda a actividade comercial do propio porto de Riveira.

Para o caso que a administración concedente trasladase a ubicación da concesión, Portos de Galicia non só vería asegurados os seus ingresos por descargas de tónidos/ mercancías e sal como ocorre na actualidade, senón que vería ademais incrementados os mesmos polas taxas da nova ubicación da concesión fose do peirao comercial que beneficiaría a todas as partes implicadas no presente conflito.

Habemos de indicar que aínda que a empresa firmante das presentes alegacións sitúase en contra da concesión da autorización solicitada que provocarían a limitación de superficie de zona portuaria e un impacto ambiental considerable, non o está coa autorización dunha concesión nun lugar alternativo.

SÉTIMA.- Atópase en exposición pública por resolución de 13 de Abril de 2018 o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios de Riveira, na que non está contemplado o uso do espazo portuario para o almacenamiento de contenedores, polo que non cabo a autorización da concesión de ocupación de espazo portuario non só polas razóns desenvolvidas no presente recurso senón en base ás propias resolucións da administración habilitante, contra as que de acordo á teoría dos actos propios a administración non pode contravenir.

En todo caso temos de indicar que a resolución de delimitación de espazos e usos portuarios sometida a exposición pública carece de estudo de impacto ambiental e o correlativo estudo de impacto paisaxístico, circunstancia que por si mesma xa dá lugar á nulidade da concesión no caso de que finalmente sexa aprobada, e iso porque así o determinou nunha recente Sentenza o noso Tribunal Supremo, de Decembro do ano 2018, na que se anulou a DEUP do porto de Vigo nun suposto idéntico ao presente.

Por todo o anteriormente exposto a Portos de Galicia

SOLICITO:

Que se teña por presentado este escrito, admítase e na súa virtude téñanse por formuladas RECURSO DE REPOSICIÓN á publicación no DOG nº 94 da resolución de 20 de Decembro de 2019 con número de referencia 12-48-18-C-1 pola que se outorga concesión administrativa de ocupación presentada pola empresa Alimentos Cruz do Sur S.A, continuando o procedemento polos seus legais trámites, estimando o mesmo e deixando sen efecto a autorización outorgada.

En Riveira a 18 de Xullo de 2019.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/a do contido da proposta, a Xunta de Goberno Local, no uso das competencias conferidas pola Alcaldía a través de resolución de 17 de xuño de 2019, acorda por unanimidade dos seus oito membros de dereito:





Primeiro:-Aprobala proposta da Alcaldía transcrita relativa a interposición de recurso de reposición ante Portos de Galicia, Consellería do Mar, da Xunta de Galicia contra resolución de 20 de Decembro de 2019 con número de referencia 12-48-18-C-1 pola que se outorga concesión administrativa presentada pola empresa Alimentos Cruz do Sur S.A para a ocupación de terreos portuarios, quedando convertida en acordo en todos os seus termos.

Segundo:-Remitir o presente acordo ó organismo PORTOS DE GALICIA, CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA, para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo”.

ADQUISICIÓN A TÍTULO GRATUITO CON CONDICIÓN ONEROSA DE VEHÍCULO CON DESTINO A POLICIA LOCAL

Dase conta á Xunta de Goberno Local de “Acta de renuncia de vehículo a favor do Concello de Riveira”, subscrita por D. Luisa Triñanes Triñanes e a Policía Local de Riveira, que é do seguinte tenor literal:

“En Ribeira, las 12.00 horas del día 19 de Junio de 2019, mediante este escrito se hace constar la renuncia del turismo Dacia Sandero de matrícula 8908HLX, a favor del Ayuntamiento de Ribeira, que hace de manera expresa su titular, Luis Antonio Triñanes Triñanes, DNI 33287833W, nacido el día 16/08/1970, y domicilio en el lugar de Rebordelo 83, 15930-Boiro, teléfono 637501654, bien para que sea dado de baja e inhabilitado para circular y se le dé el tratamiento de residuo sólido urbano, o bien, conforme a lo establecido en el artículo 106.3 del Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley sobre Tráfico, el Alcalde o autoridad correspondiente por delegación acuerde sustituir ese tratamiento residual por su adjudicación a los “servicios de vigilancia del tráfico”.

El interés de dicha renuncia por parte del titular del vehículo está motivado porque con fecha de 13/08/2018 ha sido retirado de la vía pública y depositado e inmovilizado en el Depósito Municipal de Vehículos por “carecer de seguro obligatorio”.

ACREDITADO que sobre o devandito vehiculo existe registrado na DGT unha reserva de dominio e un embargo

CONSIDERANDO que a adquisición de bens a título gratuito non estará suxeita a restrición algunha. No entanto, se a adquisición levar anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.

CONSIDERANDO artigos 10 a 13 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño e a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A Xunta de Goberno Local, no uso das competencias delegadas pola Alcaldía con data 17 de xuño de 2019, acorda por unanimidade dos seus membros de dereito:





PRIMEIRO. Aceptar a adquisición gratuíta do turismo Dacia Sandero de matrícula 8908HLX coa condición onerosa que se describe no apartado seguinte.

SEGUNDO. Aprobar e dispor o gasto que implica o cumprimento da condición onerosa imposta: 1.100 euros para cancelar a reserva do dominio, e toda vez que o importe do ben cedido é superior á carga imposta. O destino do ben será "servizos de vixiancia do tráfico"

TERCEIRO. Anotar a adquisición no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, una vez perfeccionada a mesma.

CUARTO. Notificar aos interesados o presente acordó.

QUINTO. -Comunicar o presente acordo ós Departamentos Municipais de Policía Local, Intervención e Tesourería.

DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DA FINCA "BOUZA VELLA" OU "VISTA ALEGRE" PARA PROCEDER Á FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA DA DOAZÓN GRATUÍTA Á XUNTA DE GALICIA DO TERREO ONDE ESTÁ SITUADO O IES LEIADOURA.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

1º O Pleno do Concello de Riveira, na súa sesión celebrada na data 26/04/1993 adoptou, entre outros, o acordo de ceder gratuitamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o terreo propiedade do Concello, ubicado en Frións coa seguinte descrición: "BOUZA VELLA", "VISTA ALEGRE", ou "MONTE DE SAN ROQUE", a monte, pinar, tropezal e inculto, sita no lugar de San Roque, parroquia de Carreira, Municipio de Riveira, da cabida aproximada de CATRO HECTAREAS; que linda: Norte, riachuelo de Fonte Pedrín e propiedades particulares; Sur, Granxa de San Roque, camiño no medio; Leste, propiedades de varios veciños do campo de Frións, desta mesma parroquia de Carreira, herdeiros de Juan Ayaso e outros, e as propiedades de Josefa Codesido García e Esperanza Codesido García, que formaron parte da finca matriz; e Oeste, coa estrada veciñal de Xarás ó Cruce do Vilar por Frións."

2º Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 31/10/2016 co número 14.257, a secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, dispón que consultado o rexistro da propiedade no foi posible determinar a inscrición a nome dese Concello do predio denominado Bouza Vella dunhas 40 hectáreas, cedido no seu momento para a construción do IES Leliadoura, referencia catastral 15074A009010150000KK, posto que parece que a parcela non se inscribiu no rexistro, polo que prega a colaboración do Concello para determinar se a parcela onde se atopa o IES está ou non inscrita no Rexistro da Propiedade indicando, de ser o caso, os datos rexistrados que permitan a súa identificación.

3º.- Mediante nota simple informativa emitida na data 19/02/2019, dáse conta de que a finca "BOUZA VELLA" ou "VISTA ALEGRE", está rexistrada no Rexistro da Propiedade





de Noia ao Tomo 974, Libro 247, Folio 95, Finca número 21.048, cunha superficie de 38.344 metros cadrados, sendo o seu titular o Concello de Riveira, co 100% do pleno dominio.

4º Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 18/03/2019 co número 3.733, a secretaria xeral técnica e do patrimonio da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, dispón que: *“Esta Consellería ocupa o terreo onde está situado o IES de Leliadoura, que se corresponde coa referencia catastral 15074A009010150000KK, dunha superficie de 15.749 metros. Dos antecedentes que constan no expediente existe unha cesión gratuíta acordada por ese Concello que nunca chegou a aceptarse nin formalizarse en escritura pública que afectaba a un terreo total dunha superficie de 40.000 m2. Porén, entendemos que se cumpren os requisitos da Disposición Adicional Décima da Lei de patrimonio de Galicia 5/2011, do 30 de setembro, para entender o inmovible integrado no patrimonio autonómico aínda que limitado aos 15.749 m2 que constan na base de datos de Catastro. Consonte o anterior e aos efectos de regularizar a situación xurídica da parcela no rexistro da propiedade e inscribila a nome da Comunidade Autónoma de Galicia, propónse a formalización na notaría de Ribeira, dunha escritura pública na que interveñan ambas administracións co obxecto de segregar eses 15.749 m2 do predio matriz e inscribilos a nome da Comunidade Autónoma asociados ao terreo do IES.”*

5º Consta no expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada na data 26/04/1993, en relación á doazón gratuíta á Consellería de Educación e O.U. da Xunta de Galicia, do terreo necesario para a construción dun Centro de Educación Secundaria en Frións.
- Nota Simple Informativa da parcela denominada *“Bouza Vella”*, ou *“Vista Alegre”*, emitida na data 19/02/2019 polo Rexistro da Propiedade de Noia.
- Informe xurídico emitido na data 08/07/2019 polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, en relación á viabilidade urbanística en relación a cesión gratuíta de parte da finca denominada *“Bouza Vella – Vista Alegre”* na que se sitúa a dotación pública do IES do Leliadoura.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 113 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), dispón que antes de iniciarse os trámites conducentes ó alleamento do inmovible procederase a depurar a situación física e xurídica do mesmo, practicándose o seu deslinde si fose necesario, e inscribíndose no Rexistro da Propiedade se non o estivera.

Ás actuacións ás que se refire o precepto citado – depuración ou clarificación da situación do inmovible, tanto no aspecto material como xurídico, incluído o deslinde se fora preciso, e inscrición no Rexistro da Propiedade, se non estivese escrito-, precederán, como é lóxico, ao alleamento do inmovible.





SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, trátase de formalizar a doazón gratuíta acordada no seu día polo Pleno da Corporación, dos terreos nos que na actualidade se ubica o IES Leliadoura, co fin de regularizar a situación xurídica da parcela e inscribirla no rexistro a nome da Comunidade Autónoma de Galicia, e para elo cómpre proceder a realizar as actuacións referidas no artigo 113 do RB, polo que, en principio, sería necesario que polo órgano municipal competente, se autorice unha previa segregación da parcela que ocupa o IES Leliadoura. Sen embargo, en informe emitido na data 08/07/2019 polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, infórmase favorablemente a innecesariedade da licenza de segregación para poder formalizar a doazón da parcela antes referida: **“CONCLUSIÓN: Polo anteriormente exposto visto o artigo 150.6.b) da LSG e o artigo 368.6.b) do RLSG, infórmase favorablemente a innecesariedade da licenza de segregación de parte de finca matriz denominada “BOUZA VELLA – VISTA ALEGRE” cunha superficie de 38.344 m2 en concreto o terreo na que se sitúa a dotación pública IES DO LELIADOIRA cunha superficie catastral de 15.750,00 m2 obxecto de cesión polo Concello á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos termos do acordo do Pleno do Concello de Riveira en sesión ordinaria celebrada o día 26 de abril de 1993.”**

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 10/07/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Declarar a innecesariedade da licenza de segregación para proceder á formalización en escritura pública da doazón gratuíta á Xunta de Galicia do terreo onde está situado o IES de Leliadoura, resultando finalmente do seguinte modo:

- *FINCA denominada “BOUZA VELLA” ou “VISTA ALEGRE”, sita no lugar de San Roque, dunha superficie de 38.344 m2, que presenta os seguintes lindeiros: NORTE, riachuelo de Fonte Pedrín e propiedades particulares; SUR, Granxa de San Roque, camiño de en medio e finca segregada de Víctor Reiriz Lampón e esposa; ESTE, propiedades de varios veciños do campo de Frións, herdeiros de Juan Ayaso e outros, e propiedades de Josefa Codesido García e Esperanza Codesido García, que formaron parte da finca matriz, e finca segregada de Víctor Reiriz Lampón e esposa; e OESTE, coa estrada veciñal de Xarás ao Cruce do Vilar por Frións e finca segregada de Víctor Reiriz Lampón e esposa.*

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, tomo 974, libro 247, folio 95, finca 21.048.

Titular: Concello de Riveira, 100% do pleno dominio, en virtude de escritura de compravenda outorgada o día 20/11/1992 ante o Notario de Riveira, D. José Manuel Lois Pueste, número 2142 do seu protocolo.





- PARCELA OBXECTO DE DOAZÓN E NA QUE ESTÁ SITUADO O IES LELIADOURA, a segregar da finca descrita anteriormente: *Parcela denominada "BOUZA VELLA" ou "VISTA ALEGRE" sita no lugar de San Roque, dunha superficie de 15.750 metros cadrados, que se corresponde coa referencia catastral 15074A009010150000KK, que presenta os seguintes lindeiros: NORTE, mais da finca matriz descrita anteriormente; SUR, camiño; ESTE, camiño; e OESTE, estrada CP-7301.*

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

1.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 04/07/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino "IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso", relativo ao mes de abril; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/07/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino "IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso", relativo ao mes de abril; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 869,50 €.

2.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 04/07/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino "IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso",





relativo ao mes de abril; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/07/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de abril; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 559,80 €.

3.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 04/07/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Olveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de abril; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/07/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Olveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de abril; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 708,00 €.

4.- ACHEGA CONCEDIDA A FREIRE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 08/07/2019, en relación ao





convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Freire, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público para o establecemento das bases reguladoras das axudas aos estudantes usuarios do transporte regular “Santiago de Compostela – Lugo e viceversa”; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 27/09/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/07/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Freire, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público para o establecemento das bases reguladoras das axudas aos estudantes usuarios do transporte regular “Santiago de Compostela – Lugo e viceversa”; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 27/09/2018; resultando o seu importe: 67,20 €.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

